

Oposicións 2018. Novidades

Datas e prazos importantes do proceso

En **Secundaria e Formación Profesional** haberá dúas opcións no exercicio práctico. Na convocatoria aparece por primeira vez, con carácter xeral e idéntico para todas as especialidades, que os tribunais proporán dúas opcións de proba práctica das cales a persoa aspirante escollerá unha, que pola súa vez poderá constar de varias partes.

Non así no **Corpo de Mestres**, onde esta opcionalidade non aparece.

A **CIG Ensino** vén de presentar un escrito dirixido ao conselleiro reclamando que dote da mesma opcionalidade ás persoas aspirantes ás especialidades do Corpo de Mestres.

Na mesma fase práctica tamén se fixa a **ponderación entre a programación e a unidade didáctica**, tal e como solicitamos na mesa sectorial, quedando nun 40% para a programación e un 60% para a unidade didáctica, mentres que nós pedíamos 50/50.

Tamén, a petición da CIG Ensino, eliminouse a imposibilidade de matricularse pola quenda

de reserva de persoas con discapacidade en máis dunha especialidade.

Nos anexos da Orde tamén aparecen as **rúbricas de avaliación** da segunda proba (programación e unidade didáctica), que non deixan de ser uns criterios de avaliación para a fase práctica que contribúen á transparencia na avaliación do proceso, algo que ano tras ano demandamos desde a CIG Ensino.

A consellaría tamén recolleu no práctico de **lingua e literatura galega** o tempo máximo de 3 horas así como a posibilidade de non realizar todas as probas, tal e como reclamou a CIG Ensino na mesa sectorial.

No mesmo anexo concretouse, tamén a petición da CIG Ensino, dentro de **procesos comerciais** o apartado das *aplicacións informáticas*, quedando redactado da seguinte forma: “aplicacións informáticas para o procesamento de textos e a creación de documentos, follas de cálculo, bases de datos, xeración de presentacións gráficas e integración entre aplicacións e documentos”.

O acto de presentación é o 23 de xuño de 2018, ás 9.00 horas e é obrigatorio, dando comezo ao procedemento selectivo

A petición da CIG Ensino a Consellaría inclúe na convocatoria que a **fase de prácticas** se poderá **flexibilizar** tanto en duración como en temporalización.

Outras novidades.

Inscripción e pago só na rede, é necesario ter a chave365 ou un certificado dixital.

Ponderación da nota final. A oposición un 60 % e o concurso un 40%.

Cambios no baremo: máximo 7 puntos por experiencia laboral, 0,7 puntos por ano cun máximo de 10 ano.

Este ano hai dous tribunais suplentes, no lugar dun só, e nas causas de exención súmase a de estar a gozar dunha redución de xornada con anterioridade ao 1 de maio de 2018 e que

continúen durante o período en que lle correspondería actuar como membro do tribunal. O sorteo dos mesmos é o 22 de maio, aínda que as presidentas seguen sendo de nomeamento directo.

A asignación de aspirantes por tribunal iniciarase polo persoal aspirante cuxo primeiro apelido se inicie pola letra G.

A alegación de méritos para o concurso farase tamén vía web, **só o persoal que superase a primeira proba**, pero hai que imprimir e presentar ante o tribunal o documento que relaciona os méritos xunto cos mesmos.

No caso A1-A1 e A2-A1 só teñen que alegar méritos que non consten na base de datos da Consellaría.

Datas e prazos

- Proba de castelán:** 8 de xuño de 2018, ás 17.00 horas, no IES As Fontiñas (rúa Estocolmo 5, Compostela).
- Proba de galego:** 8 de xuño ás 18.00 horas, no mesmo IES As Fontiñas.
- O **acto de presentación** de asistencia obrigatoria para todas as persoas aspirantes dos procedementos selectivos celebrarase o día 23 de xuño de 2018, ás 9.00 horas.
- A alegación de méritos para o concurso farase tamén vía web, **só o persoal que superase a primeira proba**, pero hai que imprimir e presentar ante o tribunal o documento que relaciona os méritos xunto cos mesmos.